

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 5, 1-16

Naquel tempo, había unha festa dos xudeus. E Xesús subiu a Xerusalén.

Hai en Xerusalén, onda a Porta das Ovellas, unha piscina, chamada en hebreo Bezszáz, que ten cinco pórticos. Neles había unha chea de enfermos, cegos, coxos, tolleitos, agardando o movemento da auga. (Pois de vez en cando baixaba un anxo á piscina e remexía a auga; entón, o primeiro que entrase despois da axitación da auga, quedaba curado de calquera mal que tivese).

Había alí un home que levaba trinta e oito anos enfermo. Xesús, ó velo deitado e sabendo que levaba xa moito tempo, preguntoulle:

– «¿Ti queres quedar san?»

Respondeulle o enfermo:

– «Señor, eu non teño a ninguén que me bote na piscina cando se remexe a auga; e, mentres eu veño, sempre baixa outro máis axiña ca min.»

Xesús díxolle:

– «Érguete, colle o teu leito e anda.»

No intre púxose bo aquel home, colleu a súa padiola e botou a andar.

Pero aquel día era sábado. Entón dicíanlle os xudeus ó que quedara curado:

– «É sábado, non tes dereito a levar o leito.»

Mais el respondeulles:

– «O que me curou, díxome el mesmo: "Colle o teu leito e anda".»

Eles preguntáronlle:

– «¿Quen é o home que che dixo "colle e anda"?»

Pero o curado non o sabía, pois Xesús escapara do xentío que había naquel sitio. Máis tarde atopouno Xesús no templo e díxolle:

– «Mira que estás san; non volvas pecar, para que non che veña algo peor.»

Foise o home e contoulles ós xudeus que fora Xesús quen o curara.

Por este motivo os xudeus perseguían a Xesús, por facer estas cousas en sábado.